



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

galicia

Ref: MCL/MEPF/aar

Asunto: Nova convocatoria do **proceso de acreditación de competencias profesionais**

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ven de publicar a Orde do 4 de decembro de 2018 (DOG do 14 de decembro de 2018) pola que se **convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais** adquiridas a través da **experiencia laboral**, na Comunidade Autónoma de Galicia.

A través deste procedemento os traballadores e traballadoras de Galicia poderán obter o recoñecemento e a certificación oficial das competencias profesionais conseguidas a través da experiencia acumulada ao longo da súa vida laboral naquelas unidades de competencia que se correspondan coa actividade desenvolta. A acreditación de unidades de competencia poderá dar lugar, cando se completen todos os requisitos, á obtención de certificados de profesionalidade e/ou títulos de formación profesional.

A solicitude de participación no procedemento deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e requirirá cubrir previamente os datos na aplicación informática que se atopa no enderezo www.edu.xunta.es/acreditacion, desde onde se xerará o formulario normalizado.

Tendo en conta a importancia que esta convocatoria pode ter para moitos traballadores e traballadoras, agradecemos de antemán a súa colaboración para que teña a **máxima difusión** e de ser o caso se facilite a súa participación.

Estamos a súa disposición para calquera consulta que nos queiran formular sobre esta convocatoria nos teléfonos **981-540219 / 981-546546** e nas direccións de correo electrónico acreditacion@edu.xunta.es ou sxfp@edu.xunta.es

Toda a información relacionada coa convocatoria poderase consultar no portal educativo de Formación Profesional www.edu.xunta.es/fp.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2018

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa.



Manuel Corredoira López